

MADONNA

Teño 15 anos, case 16, e estudo cuarto da ESO. Vivo nunha aldea e os meus pais levan unha granxa de vacas. Case todo o mundo por aquí ten vacas. Mesmo nas estradas hai sinais de tráfico triangulares para avisar e ter conta das vacas. Os profesores veñen cada mañá da cidade, nos seus autos, e quizáis coa presa non reparaban nos sinais. Agora, de repente, todo o mundo ten en fite as vacas. Convertéronse en bichos raros. De medo. Na televisión saen arrodadas de gardas, semellan delincuentes con rumiallo de droga, e as cámaras enfócanas moi de perto, deformando a súa cara, como quen desenmascara unha perigosa rede de psicópatas cuadrúpedes que se oculta nos escuros cortellos do Oeste.

Puxéronnos unha redacción sobre o mal das vacas tolas e sentínome fatal. Como outro bicho raro. Preferiría un castigo ou un exercicio matemático con raíces cadradas. Non arrancaba a escribir. Oíno tanto estes días, tanto que un badalo de oso repica na campa da memoria: *en ce fá li te es pon xi for me*.

Podería escribir o nome científico. Mais o avó dicía que endexamais había que referirse a Satanás polo seu nome. El, que estivera de emigrante en Arxentina, chamáballe ao demo Petiso ou Boludo. Eu non sei como escribir para espantar un mal tan tremendo. Gostaríame facelo cara atrás, como din que se escribe nalgúns idiomas.

Se escribise cara atrás, podería falarlles de Dosinda, a vella cega que munxía a súa única vaca, a Mora. Ninguén máis ca ela podía apalpar os ubres da arisca Mora. E facíao cada noite, antes do amencer. Cando alguén diferente intentaba munxila, os tetos permanecían secos. Así que poderíamos dicir que aquel leite pertencía por igual as mamas da vaca e as mans de Dosinda. A primeira luz do día era o caldeiro de leite que a cega sacaba da corte.

O ano pasado explicáronnos en Matemáticas os números negativos. Custoume traballo entendelos. Os números negativos existen, pero non existen. O profesor dixo que pensara nunha débeda. Iso é un número negativo. Pode poñerse ás persoas o signo negativo, un signo menos? Supoño que cando están mortas, como o están Dosinda e a Mora. Para min non desapareceron, así que serán «menos dous». Mais non so os mortos son números negativos. Na granxa dos meus pais hai catorce vacas e sempre lles din que esa non é unha explotación rendíbel, que o mínimo para existir son vinte ou máis. Así que os meus pais teñen «menos seis vacas». Deica agora todos tiñamos vacas de menos. Para que non houberse números negativos, sobraba xente e faltaban cabezas de gando. Iso era o que nos dicían unha e outra vez ñas oficinas, nos bancos e nos xornais. As granxas deberían ser como fábricas, e as vacas, inmóbiles máquinas comedoras de pensó para multiplicar os quilos e o leite. De non ser así, diciánnos unha e outra vez, todos nos acabaríamos por ser números negativos.

Os lugares e as aldeas dos arredores vanse poboando de seres con número negativo. Din que é así en toda Galicia. Quero aos meus país, pero as veces, cando vou somnolenta no autobús escolar, soñó que este non se deten, que medramos en idade polo camino, deica levarnos a Suiza, Londres, Barcelona ou Canarias. Teño unha curmá en Barcelona que xa é peiteadora. Gostaríame ser coma ela. Eu que son tímida, envexo a súa soltura. No verán, nun baile, un mozo díxolle: «Tes os ollos moi lindos.» Ela respondeu: «Ti o que que queres é botar un polvo, non é?» Deixouno pampo.

Foi ela a que bautizou como Madonna á vaca rubia. E quedoulle o nome. Aínda que ela leva un crotal na orella coa matrícula EU-LU-2091C. Aféalle a cara. O veterinario di que é como o noso documento nacional de identidade. Porén nos non levamos o carné grampado na orella.

O meu profesor preferido é o de debuxo. Un día falounos das cores frías e cálidas. A cor máis cálida que coñezo é a da vaca Madonna. Escribo cara atrás e recordó o seu primeiro parto. Foi a Noiteboa do ano pasado. Estábamos moi nervosos con aquela coincidencia. E ademáis ía friaxe e o vento tocaba como un ouveo a harmónica desafinada do tellado. Mais o meu pai dixo, antes do parto, que ía ser un bo cuxo. Meterá o brazo nos adentros da vaca e rozou os ollos da cría. Xa pestanexaban. Ese é o bo sinal. Que o que vai nacer sexa quen de abrir os ollos na amante escuridade do ventre da nai.

Nas granxas, cando nace un becerro, non se deixa que a nai o vexa. Tampouco pode lambelo. Se permites iso, a vaca logo non solta o leite, reteno para a cría. Mesmo se morre, unha vaca segué a dar o leite durante horas para que o fillo poida sobrevivir. O profesor de debuxo di tamén que hai cores subxectivas. Por exemplo, o loito pode ser branco ou negro, segundo os países. Para min que ese leite da vaca defunta é de cor verde esmeralda e que a cría mama nel a derradeira herba que paceu a nai.

Na Noiteboa, o meu pai apartou a criatura da vista de Madonna, que eu non sabía se estaba morta, pero parecíao, colgouna polas patas e palmeouna como se fora un bebé xigante. Mais ese día a miña nai estaba rara. E ordenoulle: «Déixao que vaia mamar onda a vacal» E é que a miña nai, cando se pon así, ve na noite como a cega Dosinda.

MANUEL RIVAS, *Contos de Nadal*, Xerais, Vigo, 2002,
pp. 42-48.